



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.gal

Febreiro 2018

## Suba insignificante do 0,25% das pensións en 2018

Entre 4 e 5 euros netos de suba mensual fronte ao incremento do 1,2% do IPC en Galiza no 2017

*Asistimos neste 2018 a un novo episodio de perda de poder adquisitivo das persoas xubiladas que se encadea cunha serie de anos de recortes e subas insignificantes nas pensións públicas mentres que os prezos seguen á alza.*

A CIG-Ensino cualifica de “ridícula” a suba da contía das xubilacións do profesorado que, de media, rolda os 5 euros ao mes, moi lonxe da suba do IPC que finalmente acadou o 1,2% ao longo de 2017. O sindicato alerta ademais de que a partir de 2019 o escenario será de baixada efectiva progresiva ao introducir no cálculo anual a variábel da esperanza de vida no Réxime Xeral da Seguridade Social.

O sindicato nacionalista denuncia un ano máis a perda de poder adquisitivo do colectivo de pensionistas docentes que ven como a súa paga só subiu un 0,25% fronte ao incremento do 1,2% da carestía da vida, segundo o dato oficial do

IPC correspondente a 2017. Esta situación, que se sostén durante os últimos anos, leva aparelada que a suba neta media con respecto ao ano pasado sexa de 5,13€ mensuais no caso dunha persoa xubilada pertencente ao corpo de Secundaria e de 4,61€ no caso de mestres/as e profesorado técnico de FP. Isto tradúcese nun raquíτικο aumento no cómputo anual de 71,82€ e de 64,54€ respectivamente.

Cómpre lembrar que esta conxelación de facto das pensións débemoslla ao goberno de Mariano Rajoy que fixou na Lei 23/2013, de 23 de decembro, o famoso **Índice de Revalorización das Pensións (IR)**. Este indicativo, vixente para todos

os réximes da Seguridade Social -incluído o de Clases Pasivas no que están os xubilados e xubiladas docentes que aprobaron as oposicións antes do 2011-, establece esta suba inamovíbel até agora no 0,25%, desvinculando para sempre o incremento da suba de prezos do consumo. Na práctica, tal e como denunciámos reiteradamente, esta é unha estratexia de desmantelamento do sistema público de pensións que, con estes recortes, pretende derivar aos traballadores e traballadoras, tamén ao funcionariado, a plans privados de xubilación.



## Factor de sustentabilidade: vivir máis anos terá un custe nas nosas pensións

A coñecida como **Lei de recorte das pensións do Partido Popular** vai moito máis aló da conxelación e prevé para 2019 a entrada en vigor do chamado **factor de sustentabilidade (FS)** que non é nin máis nin menos que adaptar cada ano o cálculo das contías das pensións á esperanza de vida. A efectos prácticos isto suporá, con toda probabilidade, que ano a ano vexamos como se recortan as cantidades a percibir. Tal e como establece esta lei, o cálculo tomará como base o período 2013-2017 e, dentro da lóxica neoliberal de empregar a maior lonxevidade para recortar o gasto público en lugar de incrementalalo, o colectivo de pensionistas verase penalizado por vivir cada vez máis tempo.

Segundo cálculos de expertos economistas, a depreciación progresiva das pensións, de continuar este camiño, podería acadar entre un 30 e un 40% do seu valor actual nos próximos trinta anos.

A aplicación do factor de sustentabilidade non afecta de momento ao profesorado de **Clases Pasivas**, xa que é de aplicación ao Réxime Xeral da Seguridade Social, que no caso do persoal docente galego inclúe o profesorado interino, o que aprobou as oposicións desde 2011 ou o de Relixión, a maiores dun pequeno colectivo que non se integrou no réxime especial de Clases Pasivas.

## A mobilización por unhas pensións dignas

Desde a CIG temos claro que o das pensións é un dos principais campos de batalla do capitalismo voraz. O seu obxectivo é desmantelar o noso sistema público de pensións. Por iso apelamos a que as persoas xubiladas se manteñan firmes na defensa dos seus dereitos e a quen está en activo a que asuma como propia a loita por conseguir unha xubilación xusta.



Porén, a lóxica das políticas restritivas en materia de pensións do PP e a tendencia a homoxeneizar Clases Pasivas co Réxime Xeral destes últimos anos fai que esteamos alerta fronte a posíbel aplicación dese importante recorte a partir de 2019.

De modificarse a Lei e estender este recorte a Clases Pasivas debemos ter presente que na maioría dos casos traballar máis anos non vai supoñer unha maior pensión, senón máis ben o contrario. Todo indica que aquelas persoas que teñan a máxima pensión do seu grupo (A1 ou A2) poderán ter unha pensión inferior e que aquelas outras que non teñan todos os anos cotizados incrementarán a contía cun índice anual menor que o actual. É dicir, o valor dun ano a maiores de traballo sería menor do que hoxe. En todo caso o sistema de cálculo de pensións en Clases Pasivas, diferente do Réxime Xeral, non permite neste momento fixar ningunha previsión rigorosa de cara a 2019.

A quen si xa lle afectaría directamente a partir de xaneiro de 2019 sería ao persoal que se xubile no Réxime Xeral. No cálculo da pensión destas persoas introduciríase o FS, o que suporía unha diminución na pensión que tería percibido de se xubilar no 2018.

## Xubilación anticipada para todo o profesorado

Cando CC.OO. e UGT pactaron co Goberno Zapatero a reforma das pensións de 2011, aceptaron atrasar a idade da xubilación. Asinaron traballar máis anos. E así deron o seu apoio a xubilarse con carácter xeral aos 67 anos: unha realidade que vivirán todas as persoas que non teñan 38 anos e medio cotizados no ano 2027. A adaptación desa ampliación da vida laboral para o réxime de Clases Pasivas chegou a filtrarse e supuña un idéntico endurecemento para o profesorado. Mais finalmente aquela reforma quedou no caixón co cambio de goberno. Desde aquela segue a ser un dos principais motivos de incerteza e preocupación para o persoal docente de Clases Pasivas.

A CIG-Ensino mantén como obxectivo principal conseguir o dereito indefinido á xubilación anticipada dos corpos docentes, dos que aínda manteñen ese dereito (Clases Pasivas) e das que xa non contan con el.



## Xubilación anticipada de clases pasivas

Suprimida a xubilación anticipada que estaba prevista na LOE para o persoal docente, a día de hoxe, febreiro de 2018, só permanece en vigor a xubilación anticipada para o funcionariado pertencente ao réxime de clases pasivas, sempre que cumpra as seguintes condicións:

- Ter cumpridos os 60 anos de idade
- Ter un mínimo de 30 anos de servizos, para o cal tamén contan os cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social (a través do cómputo recíproco). As docentes que se acollan á xubilación anticipada non terán dereito ao complemento por maternidade en vigor desde o 1 de xaneiro de 2016, ao fixarse este complemento pa-ra as xubilacións forzosas ou por incapacidade.
- Ter cotizados os últimos cinco anos no réxime de Clases Pasivas cando se computen cotizacións a outros réximes da Seguridade Social.

- Facer a solicitude cun mínimo de tres meses de antelación.

Hai que ter en conta, ademais, que o Réxime de Clases Pasivas é desde o ano 2011, no deseño do goberno do Estado, un réxime a extinguir, por canto todas as persoas que accederon á función pública docente como funcionariado de carreira desde ese ano xa se xubilarán coas normas do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Para a CIG-Enseño as condicións de xubilación dos corpos docentes deberían ser idénticas, independentemente do réxime ao que se pertenza e, por tanto, tamén debería ser obxecto de negociación, no marco da necesaria recuperación dos dereitos que nos foron roubados nestes últimos anos, a aplicación a todo o persoal docente das normas de xubilación anticipada ou, cando menos, as de clases pasivas do Estado.

## As nosas propostas

- Restablecemento do dereito á xubilación anticipada con carácter indefinido para todo o profesorado, independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.
- O profesorado que teña 60 anos de idade e 25 anos de servizo debe ter ereito a percibir as gratificacións por xubilación anticipada.
- Negociación dun acordo coa Consellaría para que profesorado que opte pola xubilación anticipada perciba unha gratificación que sumada á pensión que reciba sexa equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos.
- Xubilación obrigatoria aos 65 anos de idade ou até acadar os anos necesarios de cotización para percibir a pensión máxima correspondente ao seu corpo.
- As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas.
- Mellora das actuais pensións. Dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.



## Cómputo dos servizos prestados noutros corpos

Existe unha fórmula que establece a equivalencia entre os servizos prestados nos distintos grupos funcionariais. Está fixada no artigo 31.2 do Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas (RDL 670/1987). Só para aquelas persoas que accederon á función pública antes de xaneiro de 1985 e se xubilen forzosamente ou por incapacidade permanente, ou ben falezan, o cálculo da pensión incluirá 10 anos do cómputo no grupo inferior como se fosen no superior. No caso de que se teñan acreditados máis de 35 anos de servizos, tómanse os 35 anos de maior haber regulador para o cálculo da pensión.

Grupos de cotización na Seguridade Social	Réxime de Clases Pasivas
1 (grupo 1 + Persoas autónomas licenciadas e enxeñeiras)	A1
2 (grupo 2 + Persoas autónomas Enxeñeiras Técnicas e peritas)	A2
3 (grupos 3, 4, 5, 8 e Persoas Autónomas en xeral)	C1
4 (grupo 7 e 9)	C2
5 (grupos 6, 10, 11, 12 e persoas empregadas do fogar)	E / AP

## Cómputo dos servizos prestados no Réxime Xeral da Seguridade Social

### Cómputo recíproco

O cómputo recíproco é unha equivalencia entre as cotizacións a outros réximes públicos de cotización, habitualmente o Réxime Xeral ou o de Autónomos e os prestados como persoal funcionario, en función dos grupos de cotización.

**Cadro de equivalencias:**

Ano de xubilación	Días por coidado de fillos/as computábeis
2018	243
2019 e seguintes	270

### Outros beneficios e asimilábeis á cotización

Para completar períodos de cotización teranse en conta os seguintes beneficios:

#### Cotización por parto:

112 días de cotización (14 máis por cada fillo ou filla en casos de partos múltiples) para aquelas traballadoras que non cotizaran, nin gozasen nin cobrasen durante o período equivalente ao permiso de parto. Estes períodos teñen que ser certificados polo INSS e poden ser considerados para completar o período de carencia (recoñecemento de pensión forzosa se os servizos son inferiores a 15 anos ou dos 30 anos para acceder á xubilación voluntaria).

#### Cotización por coidado de fillos ou fillas:

Teñen dereito a que se recoñeza a cotización que figura no cadro anexo calquera dos dous proxenitores sempre e cando se interrompese a cotización por extinción da relación laboral ou por finalización do cobro de prestacións ou subsidios por desemprego entre os 9 meses anteriores ao nacemento (ou 3 meses previos á adopción ou acollemento) e o remate do 6º ano posterior ao parto, co tope do tempo máximo de interrupción da cotización.

### Cotización do tempo de servizo militar ou prestación social substitutoria:

Para aquelas persoas que fixeron o servizo militar ou a PSS con posterioridade ao acceso á función pública computase todo o tempo prestado. Para as persoas que a fixeron con anterioridade considéranse como servizos efectivos ao Estado o tempo de servizo militar ou de PSS que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de facer a “mili”, computando no grupo E.

### Cotización do tempo de Servizo Social Obrigatorio da Muller:

Recentes sentenzas de varios Tribunais Superiores veñen de confirmar que o tempo que as mulleres se viron obrigadas a prestar no Servizo Social até o ano 1978 debe ser considerado como cotizado aos efectos de cumprir os requisitos para a xubilación. Non existe aínda ningunha sentenza en Galiza nin no Tribunal Supremo. polo que aínda non se pode confirmar que esteamos diante dun dereito recoñecido pola Seguridade Social.

## A incompatibilidade das pensións

As pensións do Réxime de Clases Pasivas previas ao 1 de xaneiro de 2009 son incompatíbeis con outros traballos no sector público. Pola súa banda as posteriores ao 1 de xaneiro de 2009 son incompatíbeis co exercicio doutras actividades por conta propia ou allea. Sen prexuízo disto, o cobro dunha pensión neste réxime é compatíbel con outra actividade por conta propia ou allea nos seguintes termos:

- Terse xubilado na idade de xubilación forzosa (65 anos ou máis).
- Contar co 100% do haber regulador.
- Durante o tempo en que a persoa xubilada realice outra actividade que implique a alta nalgún réxime de cotización percibirá o 50% da pensión asignada ou da pensión pública máxima segundo corresponda, con revalorización anual. Unha vez rematada a actividade por conta propia ou allea recupérase a pensión completa coa revalorización correspondente.

No caso de xubilacións por incapacidade total (para as funcións do propio corpo no que se traballa), realizar unha actividade distinta á que viñan realizando como persoal funcionario implica unha redución da pensión, quedando así:

- Persoal funcionario xubilado con máis de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 75% da pensión.
- Persoal funcionario xubilado con menos de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 55% da pensión.

No Réxime de Clases Pasivas non é posíbel compatibilizar o cobro íntegro da pensión coa realización de traballos por conta propia, no Réxime de Autónomos, cando os ingresos anuais son inferiores ao SMI, como si acontece coa pensión do Réxime Xeral.

Anos de servizo	Redución da pensión
15 anos ou menos	25%
Entre 16 e 17 anos	20%
Entre 17 e 18 anos	15%
Entre 18 e 19 anos	10%
Entre 19 e 20 anos	5%



# As xubilacións por incapacidade permanente

Nas pensións de xubilación por incapacidade total (para as funcións propias do corpo docente) cóntanse os anos efectivamente traballados máis os que restan para acceder á idade de xubilación como se realmente se mantivese activa a persoa xubilada por incapacidade.

Dende o 1 de xaneiro de 2009 establececéronse unhas porcentaxes de redución da pensión para os casos de xubilación por incapacidade total para aquel persoal funcionario que non teña acreditados no momento da xubilación 20 anos

de servizos ao Estado (tanto ao Réxime de Clases Pasivas como ao Réxime Xeral). A porcentaxe de redución faise sobre o Haber Regulador correspondente aos anos de cotización.

Esta redución non se aplica nas incapacidades absolutas (para calquera profesión ou oficio). Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión por incapacidade total, e antes de cumprir os 65 anos, se produce un agravamento, pódese solicitar unha recualificación do EVI para pasar da incapacidade total á absoluta e así ter dereito ao 100% do haber regulador.

# Outras pensións ou complementos de pensión

## Pensión extraordinaria por accidente ou enfermidade en ou derivada dun acto de servizo ou por acto terrorista

No caso de incapacidades que teñan a súa orixe en accidentes ou enfermidades que teñan lugar no posto de traballo ou que se deriven dun acto de servizo o haber regulador (HR) multiplícase por dous. A persoa funcionaria ou os posíbeis beneficiarios dunha pensión en caso do seu falecemento (viuvez, orfandade...) teñen que solicitar que se

incoe un expediente de investigación de causas para que se ditamine se procede ou non pensión extraordinaria. No caso de actos derivados de terrorismo a pensión pode superar o tope máximo da pensión do Estado. Para as pensións extraordinarias non se require período de carencia.

## Pensión con prolongación do servizo activo

Quen siga en activo despois de cumprir a idade de xubilación forzosa ordinaria (65 anos) terá dereito a que se lle recoñeza unha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado, entre a data en que cumpriu 65 anos e a do feito causante da pensión, segundo a seguinte escala:

- Ata 25 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2%.
- Entre 25 e 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2,75%
- A partir de 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 4%

## Complemento de maternidade

A partir do 1 de xaneiro de 2016, as mulleres que tiveran ou adoptaran fillos ou fillas e sexan beneficiarias dunha pensión de xubilación ou retiro de carácter forzoso ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade ou viuvez, terán dereito a que se lles recoñeza un complemento de pensión por importe equivalente ao resultado de aplicarlle á pensión que corresponda recoñecer, unha porcentaxe en función do número de fillos nados ou adoptados con anterioridade ao feito causante da pensión, segundo a seguinte escala:

- No caso de 2 fillos/as: 5%.
- No caso de 3 fillos/as: 10%.
- No caso de 4 ou máis fillos/as: 15%.

Este complemento por maternidade non formará parte da pensión de xubilación a efectos da determinación da base reguladora no recoñecemento de pensións en favor dos familiares.

Se a contía da pensión co incremento superase o límite máximo de percepción de pensións públicas (2.580,13 €/mes para o ano 2018) poderase recibir unha contía adicional que, sumada á pensión, non poderá ser superior ao haber regulador do Grupo/Subgrupo A1 (2.897,24 €/mes para o ano 2018).

A porcentaxe de incremento obtido en ningún caso ten incidencia no cálculo de pensións en favor de familiares.

Se a contía da pensión a recoñecer é igual ou superior ao límite de pensión máxima só se aboará o 50% do complemento, aínda no suposto de que exista concorrencia de pensións públicas.

Se a pensión a recoñecer non acada a contía de pensión mínima e a interesada solicita e reúne os requisitos a percibir o complemento a mínimos, sumarase o complemento por maternidade.

No caso de concorrencia de pensións públicas, con independencia do réxime no que se causen, aboarase un único complemento por maternidade de acordo coas seguintes regras:

- Se a concorrencia é de máis dunha pensión de xubilación, aboarase o complemento de maior contía.
- Se a concorrencia é dunha pensión de xubilación e viuvez, aboarase o correspondente á pensión de xubilación.

Este complemento por maternidade está recoñecido con carácter indefinido para todo os réximes da seguridade social (clases pasivas, réxime xeral...)

# Pensións 2018

Anos de servizo	% Haber regulador	Grupo A1: 40.561,32 €		Grupo A2: 31.922,78 €	
		Anual	14 pagas	Anual	14 pagas
15	26,92%	10.919,11 €	779,94 €	8.593,61 €	613,83 €
16	30,57%	12.399,60 €	885,69 €	9.758,79 €	697,06 €
17	34,23%	13.884,14 €	991,72 €	10.927,17 €	780,51 €
18	37,88%	15.364,63 €	1.097,47 €	12.092,35 €	863,74 €
19	41,54%	16.849,17 €	1.203,51 €	13.260,72 €	947,19 €
20	45,19%	18.329,66 €	1.309,26 €	14.425,90 €	1.030,42 €
21	48,84%	19.810,15 €	1.415,01 €	15.591,09 €	1.113,65 €
22	52,52%	21.302,81 €	1.521,63 €	16.765,84 €	1.197,56 €
23	56,15%	22.775,18 €	1.626,80 €	17.924,64 €	1.280,33 €
24	59,81%	24.259,73 €	1.732,84 €	19.093,01 €	1.363,79 €
25	63,46%	25.740,21 €	1.838,59 €	20.258,20 €	1.447,01 €
26	67,11%	27.220,70 €	1.944,34 €	21.423,38 €	1.530,24 €
27	70,77%	28.705,25 €	2.050,37 €	22.591,75 €	1.613,70 €
28	74,42%	30.185,73 €	2.156,12 €	23.756,93 €	1.696,92 €
29	78,08%	31.670,28 €	2.262,16 €	24.925,31 €	1.780,38 €
30	81,73%	33.150,77 €	2.367,91 €	26.090,49 €	1.863,61 €
31	85,38%	34.631,26 €	2.473,66 €	27.255,67 €	1.946,83 €
32	89,04%	36.115,80 €	2.579,70 €	28.424,04 €	2.030,29 €
33	92,69%	37.596,29 €	2.580,13 €	29.589,22 €	2.113,52 €
34	96,35%	39.080,83 €	2.580,13 €	30.757,60 €	2.196,97 €
35	100%	40.561,32 €	2.580,13 €	31.922,78 €	2.280,20 €

**\*Pensión máxima: 2.580,13 €/mes ou 36.121,82 €/ano en 14 pagamentos**

Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, pero o haber regulador que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha posíbel pensión de viuvez e/ou orfandade. Os servizos prestados no réxime xeral computan a través do "cómputo recíproco" mais sempre tendo en conta a pensión máxima. Para o cálculo de anos cotizados considérase equiparable ao servizo activo os servizos especiais, os postos dentro doutras administracións ou as excedencias por coidado de fillos/as ou persoas maiores.

## Exemplo de pensión

Exemplo de pensión neta para un perceptor/a co máximo tipo de retención do IRPF (non hai outras deducións):

Grupo	% IRPF*	Pensión anual	IRPF anual	Pensión mensual bruta	IRPF mensual	Pensión mensual NETA
A1	20,31	36.121,82 €	7.333,34 €	2.580,13 €	524,02 €	2.056,11 €
A2	19,04	31.922,78 €	6.078,10 €	2.280,20 €	434,15 €	1.846,05 €

\*As deducións por IRPF dependen da situación persoal de cada perceptor/a.

Neste cálculo partimos da situación familiar 3: solteiros/as sen fillos, casados/as con cónxuxe con rendas superiores a 1.500 € anuais. Os tipos de IRPF son, por tanto, os que se aplicarían nesta situación.

## Xubilación do profesorado do Réxime Xeral da Seguridade Social

Até o ano 2011 todo o profesorado funcionario de carreira pertencía ao Réxime de Clases Pasivas do Estado aos efectos da súa xubilación. Unicamente era de aplicación o Réxime Xeral da Seguridade Social ao persoal interino e a un pequeno colectivo que fora transferido no seu día sen integrarse no Réxime de Clases Pasivas, ademais do profesorado de Relixión.

Porén, en 2011, no medio das reformas e recortes que acometeu o goberno Zapatero co apoio de CC.OO. e UGT, aprobouse unha reforma das pensións totalmente regresiva e que supoñía, entre outras cousas, endurecer as condicións para acceder á xubilación, aumentar a idade da xubilación ordinaria e voluntaria e reducir as contías das pensións. Esta reforma tamén serviu para darlle o golpe de gracia ao Réxime de Clases Pasivas, xa que toda persoa que accedeu desde 2011 á función pública como funcionariado de carreira pasou ao Réxime Xeral, ficando o funcionariado de Clases Pasivas como un colectivo a extinguir.

Aquela reforma foi, como dicimos, aprobada polo Goberno do PSOE, a CEOE, CC.OO. e UGT, dentro do nefasto pacto social ao que o sindicalismo español nos ten acostumados. Naquela ocasión, a CIG chegou a convocar o 27 xaneiro unha FOLGA XERAL contra ese acordo.

Dous anos despois, no 2013, xa con Rajoy no Goberno do Estado, impoñese unha nova reforma das pensións que, partindo da base acordada no 2011, empeorou aínda máis o presente e o futuro das xubilacións.

Así, xa no pacto de 2011 se acordara atrasar a idade da xubilación aos 67 anos, cun calendario de aplicación segundo o tempo cotizado e que remata no 2027. Tamén se ampliou o período de cálculo da pensión, pasando dos 15 aos 25 últimos anos. Ampliouse igualmente o período mínimo de cotización para poder acadar o 100% da pensión. Se antes chegaba con cotizar 35 anos, desde aquela hai que cotizar 38 anos e medio (para quen se poida xubilar con 65 anos que será, a partir do 2027, unha minoría), ou 37 anos para quen se xubile con 67 anos.

Os propios datos do Ministerio de Traballo no 2011 afirmaban que as pensións poderían reducirse até nun 27%. Todo un plan trazado desde hai décadas para reducir o sistema público de pensións e potenciar os plans privados dos grandes fondos internacionais. Non hai que esquecer que esa reforma do 2011 foi asinada por sindicatos que xestionaban fondos privados de pensións man a man co BBVA: o raposo a coidar das galiñas.

Outro dos aspectos a salientar da reforma das pensións foi o da xubilación anticipada, ampliando a idade para acollerse a ela e aumentando os recortes na pensión de quen se queira xubilar anticipadamente. **Hai que ter como mínimo 63 anos e 33 anos cotizados e o recorte anual na pensión é dun 8% permanente para quen teña menos de 36 anos e medio cotizados.**

Por último, e como xa indicamos con anterioridade, a partir de xaneiro de 2019 haberá que ter presente un novo recorte nas pensións do persoal do Réxime Xeral, coa aplicación do Factor de Sustentabilidade.



# Xubilación de Clases Pasivas: Tipos e características

TIPO DE XUBILACIÓN	REQUISITOS	CARACTERÍSTICAS	OBSERVACIÓNS	NORMATIVA
<b>VOLUNTARIA</b> (só para o persoal que pertence ao réxime de clases pasivas)	-Idade: 60 anos. -Anos de servizos efectivos ao Estado: 30 como mínimo. Ter cotizado os últimos 5 anos polo réxime de clases pasivas.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35	-Xubilación inmediata (ao cumprir a idade, con solicitude con tres meses de antelación)	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): - artigos 28.2b, 30, 31 e 32 - Disp. Adic  16 <sup>a</sup>
<b>ORDINARIA</b>	-Idade: 65 anos. -Anos de servizos efectivos ao estado: 15 mínimo	Cálculo por haber regulador(HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35. As mulleres con dous ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade.	É xestionada de oficio pola administración se non se solicita prórroga.	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): - artigos 28.2b, 30, 31 e 32 - Disp. Adic 17 <sup>a</sup> e 18 <sup>a</sup>
<b>PRORROGADA</b> até os 70 anos	Solicitude cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que se cumpre a idade máxima legal. A concesión renóvase anualmente.	Igual que a ordinaria. Se existe un mínimo de 15 anos cotizados recoñécese unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado por riba dos 65 anos en función dos anos cotizados: - 25 anos: 2% - Entre 25 e 37 anos: 2,75% - A partir de 37 anos: 4%	A solicitude farase ano a ano con antelación mínima de 3 meses á data de finalización da prolongación concedida. Permítese rematar o curso escolar no que se cumpren 70 anos.	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): - artigos 30, 31 e 32. - Disp. Adic. 18 <sup>a</sup> Lei 30/84: artigo 33. Lei 36/2014: Disp. A. 25 <sup>a</sup> Lei 1/2012. Artigo 4 Lei 48/2015. Disp. Final 1 <sup>a</sup>
<b>INCAPACIDADE PERMANENTE</b> (Total, Absoluta e Grande Invalidez)	Declaración previo informe vinculante por parte do EVI da Seguridade Social.  <b>I.P. TOTAL:</b> para as funcións fundamentais do corpo <b>I.P. ABSOLUTA:</b> para o desempeño de calquera profesión. <b>I.P. GRANDE INVALIDEZ:</b> precisa a asistencia doutra persoa para as actividades esenciais da vida	Iguais que a ordinaria, computando como servizos prestados o que falte até os 65 anos (cun período de carencia de 20 anos no caso da xubilación total para ter o 100% da pensión). Con menos de 20 anos cotizados hai unha redución do 5% por cada ano (até un máximo do 25%). As mulleres con dous ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade. A IP por Grande Invalidez supón o 150% do HR (inclúe un complemento de MUFACE) e non require período de carencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pode iniciarse de oficio ou a petición do interesado.</li> <li>• A xubilación por IP total tributa e polo tanto ten retencións do IRPF, as outras dúas non cotizan.</li> <li>• A IP total é compatíbel con outro posto de traballo, coas seguintes reducións: <ul style="list-style-type: none"> <li>- 25% con máis de 20 anos de servizo.</li> <li>- 45% con menos de 20 anos de servizo.</li> </ul> </li> </ul>	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): artigos 28c, 30, 31 e 32 Disposicións Adicionais 17 <sup>a</sup> e 18 <sup>a</sup>  Lei 2/2008: Disposición Adicional 13 <sup>a</sup>  Lei Seguridade Social funcionariado civil (RDL 4/2000): artigos 23 a 26  Resolución 29/12/1995 da Secretaría de Estado de Admon. Pública

## Idade de Xubilación no Réxime Xeral

ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA	ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA
2017	36 anos e 3 meses	65 anos	2023	37 anos e 9 meses	65 anos
	Menos de 36 anos e 3 meses	65 anos e 5 meses		Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses
2018	36 anos e 6 meses	65 anos	2024	38 anos	65 anos
	Menos de 36 anos e 6 meses	65 anos e 6 meses		Menos de 38 anos	66 anos e 6 meses
2019	36 anos e 9 meses	65 anos	2025	38 anos e 3 meses	65 anos
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos e 8 meses		Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2020	37 anos	65 anos	2026	32 anos e 3 meses	65 anos
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses		Menos de 32 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
2021	37 anos e 3 meses	65 anos	2027	38 anos e 6 meses	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos		Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos
2022	37 anos e 6 meses	65 anos			
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses			

### Período de cálculo no Réxime Xeral da Seguridade Social

ANO	PERÍODO DE CÁLCULO
Até o 2011	15 últimos anos
2017	20 últimos anos
2018	21 últimos anos
2019	22 últimos anos
2020	23 últimos anos
2021	24 últimos anos
A PARTIR DE 2022	25 últimos anos

## Xubilación anticipada no Réxime Xeral

CONCEPTO	REQUISITOS	
<b>Idade mínima para acceder á xubilación anticipada</b>	Como máximo 2 anos de anticipo ao respecto da idade ordinaria de xubilación.	
<b>Anos de cotización</b>	35 anos cotizados	
<b>Pensión máxima</b>	Non pode ser superior ao resultado de reducir un 0,50% trimestral a pensión máxima (2% anual)	
<b>Redución da pensión en función da cotización</b>	Menos de 38 anos e 6 meses cotizados	2% trimestral (8% anual)
	Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,875% trimestral (7,5% anual)
	Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,750% trimestral (7% anual)
	44 anos e 6 meses	1,625% trimestral (6,5% anual)
<b>Cotización na sombra</b>	Aos únicos efectos de determinar a idade de xubilación e aplicar a redución correspondente da pensión, compútanse os anos que median entre idade de xubilación voluntaria e a ordinaria.	



# Decálogo de medidas urxentes para a recuperación de dereitos para o profesorado

- 1 Xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, coa recuperación da xornada lectiva de 18 sesións en secundaria, FP, EOI e ensinanzas de réxime especial e de 21 sesións en Infantil, Primaria e EE., no camiño de acadar os 18 períodos lectivos para todo o profesorado, así como a xornada reducida de xuño e setembro.
- 2 Xestión democrática dos centros, recuperando o poder de decisión nos órganos de goberno.
- 3 Reducións de ratios nas diferentes etapas educativas e regulamentación das materias afíns no camiño da súa eliminación.
- 4 Redución da carga burocrática nos centros educativos, permitindo que o profesorado adique o seu esforzo á práctica docente.
- 5 Ofertas amplas de emprego que, partindo da estabilidade, cubran as necesidades dos centros, eliminando definitivamente as taxas de reposición e o sistema de cupos.
- 6 Limitar a temporalidade do profesorado en expectativa, adxudicando destinos definitivos nun prazo máximo de 2 anos desde a superación do proceso selectivo.
- 7 Plan especial de actuación na atención á diversidade: impulso da titoría, reforzo de profesorado de AL e PT, da Orientación nos centros e da rede de EOE.
- 8 Eliminación das limitacións para impartir docencia en galego e fomento da nosa lingua en todas as etapas educativas, co obxectivo de conseguir que, cando menos, o 50% das materias se impartan en lingua galega.
- 9 Negociación dun acordo retributivo para o profesorado galego que parta da recuperación dos recortes destes últimos anos e dunha cláusula de revisión salarial que garanta unha suba igual ao IPC.
- 10 Eliminación dos descontos salariais por enfermidades comúns, percibindo o 100% desde o primeiro día de baixa.





# Que non nos rouben o que é noso!!!



## Ante as ameazas constantes ás nosas pensións, mobilicémonos na defensa dos nosos dereitos!

### Os nosos locais

#### **Santiago (Local Nacional)**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

#### **A Coruña**

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

#### **Baixo Miño**

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986609360 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

#### **Morrazo**

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

#### **Ferrol**

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

#### **Lugo**

Rúa da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

#### **Ourense**

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

#### **Pontevedra**

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

#### **A Mariña**

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

#### **Val de Monterrei**

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

#### **Vigo**

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

#### **Salnés**

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal